

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018380	IES O Carril	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

No segundo curso, o alumnado traballará sobre os retos crave do mundo actual como o desafío demográfico, o complexo proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre homes e mulleres desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais, cun enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. A paisaxe, como ente complexo, sociocultural e fenomenolóxico, será a liña transversal que unirá devanditos contidos.

No apartado histórico, estudaranse a Idade Media e Moderna. Os contido e criterios de avaliación concíbense desde unha perspectiva estrutural e coxuntural, é dicir, abordan o esencial de ambas etapas prescindindo de datos concretos ou descrições pormenorizadas para profundar nas estruturas histórico-culturais herdadas ou renovadas, as súas consecuencias políticas e socioeconómicas. Polo tanto, tamén se abordará a distinta concreción circunstancial no tempo dado, no marco mundial e especialmente no europeo, onde deberemos salientar os procesos históricos acaecidos nos distintos estados peninsulares ibéricos, e en particular en Galicia. Terán relevancia, de novo, os contidos e obras artísticas de cada período, centrándose en exemplificacións do ámbito peninsular e galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os reinos altomedievais	Abárcase a fragmentación do Imperio Romano co xurdimento dos reinos xermanos, o imperio Bizantino e o nacemento e evolución do Islam e o imperio Árabe	6	6	X		
2	A Europa feudal	O xurdimento e as bases do sistema feudal e a expansión da cristiandade	6	9	X		
3	Románico, gótico e arte islámica	Trata das características e a función da arte Románica.	6	9	X		
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia	O nacemento e evolución al-Ándalus, o nacemento e evolución dos reinos cristiáns, e Galicia na Idade Media	7	9	X		
5	Crise feudal e Baixa Idade Media	A expansión agrícola, comercial e urbana na Baixa Idade Media. O fortalecemento do poder real e a crise do século XIV. O gótico, unha arte urbana	10	9		X	
6	A Monarquía Hispánica	A monarquía dos Austrias, os problemas e conflitos na política imperial e a economía e sociedade no Imperio español.	10	9		X	
7	A conquista e colonización de América	O afán por explorar: as exploracións portuguesas e casteláns, a conquista de América, a organización e administración da América colonial e a explotación económica da mesma.	10	9		X	
8	Renacemento e Reforma	A nova mentalidade, a Reforma e Contrarreforma, o Renacemento e o Estado moderno.	10	9		X	
9	O século do Barroco	A decadencia da Monarquía Hispánica, o absolutismo francés e o parlamentarismo en Inglaterra e Provincias Unidas. A revolución científica e cultural. O estilo artístico Barroco e Galicia na Idade Moderna.	8	9			X
10	Os desafíos demográficos	OS indicadores da poboación. As migracións e os desafíos demográficos da UE , España e Galicia.	10	9			X
11	Un mundo de cidades	O análise dos trazos que definen a cidade, a expansión urbana, os grandes retos do mundo urbano e o medio rural.	10	9			X
12	Desigualdade e cooperación	A desigualdade no mundo e os obxectivos para reducilas. A paz, as alianzas e conflitos entre os Estados e a cooperación internacional.	7	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os reinos altomedievais	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe situar no tempo os principais acontecementos que marcaron o nacemento da Idade Media: invasións xermánicas, nacemento e evolución do imperio árabe e o imperio Bizantina	PE	80
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Coñece aos distintos pobos xermánicos e as áreas nas que se asentaron formando reinos, e coñece as características políticas e culturais da civilización bizantina e islámica		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar, explicar e valorar as innovacións científicas e materias que difundiron os árabes ao longo do seu imperio, do que formaba parte a Península Ibérica.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	é capaz de diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.	TI	20
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado

Contidos
- histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.

UD	Título da UD	Duración
2	A Europa feudal	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende as características da sociedade estamental, os grupos nos que se organiza, a súa fundción e as súas distintas condicións, analizando a súa desigualdade e a inxusta situación dos membros do terceiro estamento.	PE	80
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Comprende a relevancia da Igrexa e o monacato na configuración da Europa medieval, na súa unidade e na configuración da arte Románica		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende e analiza mediante a elaboración dun dossier a situación das mulleres nos distintos estamentos na sociedade medieval, a súa situación de discriminación e busca información sobre algunha muller que destacase no ámbito político ou cultural		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de extraer información unha fonte primaria e de outra secundaria sobre as características do sistema feudal.	TI	20
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora un traballo e o expón oralmente sobre o pobo viquingo, as súas características e os ataques de saqueo que realizaron ás costas galegas..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.
- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
3	Románico, gótico e arte islámica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica con claridade as características da arte islámica, os tipos de elementos construtivos e os diferentes motivos decorativos	PE	80
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da cultura europea e islámica		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Identifica e sabe diferencias as características da arte románica, gótica e islámica, recoñecendo algúsn dos seus principais exemplos na Península Ibérica.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Logra elaborar un eixe cronolóxico sobre a evolución da arte medieval, situando os periodos coronolóxicos nos que se desenvolven os estilos románico e gótico	TI	20
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Realiza un mural no que describe un dos tramos do camiño de Santiago, por onde transcurre, os elementos patrimoniais artísticos e naturais que se atopan nel, amodo de folleto turístico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende e explica con claridade os aspectos sociais culturais máis importantes de Al-Ándalus.	PE	70
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Idade Media peninsular e galega.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os principais cambios territoriais ocorridos na Idade Media peninsular a través de mapas históricos.	TI	30
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia fontes primarias e secundarias sobre a revolta irmandiña, e comprende as causas e a dimensión da citada revolta.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz realizar un esquema coas principais aportacións e da cultura andalusí á cultura e sociedade actual		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Realiza un resumo ben estruturado despois do visionado de documental sobre a orixe do camiño de Santiago.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
5	Crise feudal e Baixa Idade Media	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas históricos relacionados coa expansión comercial baixomedieval e distingue as distintas rutas, as principais comerciais cidades eos diversos produtos cos que se comerciaba.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os cambios sociais da Baixa Idade Media, o sistema de produción gremial e o crecemento das cidades, o desenvolvemento agrícola e os conflitos xurdidos neste período.	PE	80
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende o ascenso da burguesía como novo grupo dentro da sociedade estamental., e analiza os cambios na cultura medieval que acompañou ao nacemento das Universidades e o desenvolvemento do estilo gótico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Analiza a través dunha gráfica as características do réxime demográfico antigo, as crises alimenticias e epidémicas e as súas consecuencias na evolución da poboación	TI	20
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a vida nas cidades medievais		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza unha breve investigación e unha exposición, oral ou escrita, sobre a Peste Negra en Europa e as súas consecuencias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
6	A Monarquía Hispánica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende e explica os principais feitos históricos da Monarquía de Carlos I e Felipe II, as características da economía e a sociedade do Imperio español	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Identifica as principais problemas e conflitos ocorridas contra a monarquía hispánica entre os séculos XV e XVII.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza criticamente a identidade cultural do mundo hispanofalante		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Analiza as viaxes de Colón a partir de diferentes fontes		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	É capaz de comprender e explicar algunha das características da sociedade estamental hispánica a través da lectura dun fragmento do Lazarillo deTormes	TI	20
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Analiza e debate sobre as orixes da idea de España na monarquía dos Reis Católicos e o sometemento de Galicia a través dunha breve investigación sobre a figura do Mariscal Pardo de Cela		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
7	A conquista e colonización de América	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Entende e describe con claridade o proceso de conquista e colonización de América e a explotación dos seus recursos naturais.	PE	80
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende as consecuencias que tivo para España a conquista de América e coñece cómo se organizou o goberno e administración das colonias.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Identifica os distintos grupos sociais e étnicos que conformaron a sociedade da América española e comprende a situación dos grupos máis discriminados, os indíxenas e escravos		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Sinala os trazos básicos das civilizacións precolombianas e a súa influencia na sociedade posterior á conquista europea do continente.	TI	20
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	É capaz de analizar e expoñer algunhas das consecuencias actuais da conquista e colonización de América.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Analiza e expón a través da lectura de textos históricos de Frai Bartolomé de las Casas sobre a situación e o trato dado á poboación indíxena tras a conquista do continente americano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.

UD	Título da UD	Duración
8	Renacemento e Reforma	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende o papel do humanismo, as bases fundamentais desta corrente de pensamento e a súa difusión, e analiza a secularización social como aspectos chave da Idade Moderna.	PE	80
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Comprende o proceso e causas da Reforma protestante e a reacción católica coa Contrarreforma		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Cofece as características esenciais do Renacemento e identifica aos principais artistas e obras artísticas		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comprende basicamente as diferencias na actualidade entre as relixións protestantes e a católica e averigua en que países son maioritarias ditas relixións	TI	20
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Realizar un mural con fotos de distintas versións da Gioconda realizadas por distintos pintores contemporáneos e da obra orixinal, cunha información sobre o seu autor e a súa importancia na Historia da Arte		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	É capaz de comprender a heteroxeneidade do Renacemento tras a súa difusión por Europa e fai unha breve exposición sobre unha obra arquitectónica renacentista en Galicia		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende ao Humanismo como precedente dos valores cívicos e democráticos actuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
9	O século do Barroco	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica as achegas esenciais da revolución científica moderna e da cultura barroca		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	É capaz de sinalar os trazos máis significativos da arte barroca e coñece algúns dos exemplos máis siñificativos da arte barroca italiana, española e galega	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende e explica con claridade as diferenzas básicas entre o absolutismo e o parlamentarismo no século XVII.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analizar e comprender a realidade das mulleres artistas no Barroco a través da búsqueda de información biográfica sunha delas		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un esquema sobre as graves e numerosas crises (demográfica, agraria, comercial e social) que se sucederon en Europa no século XVII	TI	20
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender a relevancia da aparición dos réximes parlamentarios na Europa do século XVII e contrastalos co absolutismo a través da lectura e explicación dalgún pequeno texto de Bossuet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

UD	Título da UD	Duración
10	Os desafíos demográficos	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende e analiza a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.	PE	60
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as vagas migrotorias actuais e os contrastes no poboamento do mundo e España a través de mapas		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia. a través do análise dalgunha noticia de prensa	TI	40
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Fai unha pequena investigación con preguntas guiadas sobre os membros da súa familia que emigraron, que lle leve a comprender os cambios económicos e sociais que tiveron lugar en España e Galica nas últimas décadas		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.,y é capaz de debater sobre as consecuencias positivas ou negativas das mesmas.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación e coa redución da natalidade en España		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.a través dunha entrevista con preguntas guiadas algún compañeiro/a inmigrante.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Fai unha pequena investigación con preguntas guiadas sobre os membros da súa familia que emigraron, que lle leve a comprender os cambios económicos e sociais que tiveron lugar en España e Galicia nas últimas décadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
11	Un mundo de cidades	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os trazos que definen a cidade, os diversos planos urbanos e analiza as zonas nunha cidade, resultado da súa historia	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza a problemática do despoboamento rural en España e Galicia a través de noticias de prensa e mapas	TI	40
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende e sintetiza os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
12	Desigualdade e cooperación	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza e compara novas de prensa sobre crises humanitarias actuais		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece e fai un esquema coas distintas institucións internacionais e organizacións combaten a desigualdade e propón algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.	TI	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica da situación de desigualdade e discriminación da muller baixo o réxime talibán a través dunha reportaxe de prensa		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera

Contidos

- actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Enténdese que o docente debe ser un xestor de coñecemento do alumnado e éste debe adquirir un maior grao de protagonismo. Queremos un alumnado activo e, polo tanto, basearemos o noso método no sistema de “reconstrución”, é dicir, o alumnado elabora os contidos a partir de materiais de traballo (o propio libro de texto ou materiais proporcionados) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor ou profesora correspondente. Con isto intentaremos evitar unha excesiva memorización dos contidos, aínda que sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

As unidades correspondentes a Historia Medieval e Moderna pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado, mais entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

No caso das unidades dedicadas á Xeografía, partimos da idea de que esta materia pode axudarnos a comprender os diferentes problemas espaciais, e utilizarémola como unha ferramenta que nos permita facer ver ao alumnado as inxustizas sociais, as tremendas desigualdades existentes ...

Procurarase levar á aula a preocupación polos problemas relacionados co medio ambiente, facendo partícipes a alumnos e alumnas desa preocupación. Buscaremos a maneira de que cheguen a conclusión de que a situación actual ven dada moitas veces pola insolidariedade e polo egoísmo do chamado “primeiro mundo”. Trataremos de facerlles ver a necesidade de cambiar de actitude para frear o perigo que corre o noso planeta.

Farase un labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do libro ou serán facilitados polo Departamento. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Se ben a finalidade da área é adquirir as competencias que se inclúen no currículo, o alumnado deberá desenvolver actitudes que conduzan á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Por outra parte, nalgúns aspectos da área, o traballo en grupo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo

axeitados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante polo o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, como fichas, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, realizaranse actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

A Aula Virtual permitirá ao docente aportar diferentes actividades ou recursos relacionados cos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de segundo adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes necesitarán ser traballados parcialmente debido á amplitude do currículo e a escasa dispoñibilidade temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de segundo abórdanse nas unidades de Xeografía temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o mundo urbano, as migracións, os retos demográficos etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade cercana.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá nunha proba escrita con diferentes tipos de exercicios (enunciados de verdadeiro-falso, preguntas e respostas tipo test, preguntas de resposta breve, identificación de imaxes....) coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre a materia que se vai abordar ao longo do curso. Esta proba inicial non terá valoración numérica posto que a súa finalidade é ofrecer información sobre o nivel do alumnado, o seu interese cara á materia e o seu nivel de expresión escrita.

Asimesmo, previamente ao comenzo da cada unidade didáctica, farase oralmente unha ronda de preguntas e cuestións para avaliar as ideas previas sobre a mesma, as confusións e incorreccións que o alumnado poida ter sobre os contidos a traballar e a maneira de abordalos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	7	10	10	10	10	8	10
Proba escrita	80	80	80	70	80	80	80	80	80	60
Táboa de indicadores	20	20	20	30	20	20	20	20	20	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	7	100
Proba escrita	60	30	72
Táboa de indicadores	40	70	28

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de segundo comprende C.A distribuídos e axustados a cada unha das 12 U.D e, nesta programación, o 80% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 20% mediante táboa de

indicadores. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e o das táboas de indicadores un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de: nota media dos exames (80%) e media das rúbricas (20%)

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións non aprobadas. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán dunha selección de criterios de avaliación das unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe unha avaliación levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na realización dunha proba escrita sobre os contidos das unidades taballadas na avaliación, seguindo o mesmo modelo do exame ordinario.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre, despois de cada avaliación, que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor).

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso de que non se recupere unha avaliación ou máis, o alumnado poderá someterse a outra recuperación final no mes de xuño, consistente nun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 no que se incidirá novamente sobre os aspectos traballados nas unidades didácticas de cada avaliación que non se teña superado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo para a recuperación da materia pendente será elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. As actividades a realizar así como as datas de entrega irán acompañada de documento informativo á familia.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá: 100% da nota acadada a través da realización das actividades (determinada polas rúbricas específicas).

A nota final de curso será o resultado da media das notas obtidas nas 3 avaliacións

No caso de que o alumno/a non presentase o cartafol de traballos trimestrais, realizará a final de curso unha única proba escrita en base a preguntas das actividades entregadas ao longo do curso. A data da dita proba escrita será fixada pola Dirección do centro e o alumno/ será informado da mesma coa suficiente antelación.

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Actividades de reforzo e consolidación.
- 5.. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
6. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
7. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

En relación ao alumnado repetidor, en cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa. Afianzarase o espírito emprendedor a partires da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, ó tempo que se aprenderá a identificar diferenzas e a valoralas en positivo. Traballarase na prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, así como os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respoeto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia , a pluralidade, o rrespecto ao Estado de dereito, e a prevención de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída didáctica ao Castelo de Pambre (Palas de Rei)	Visita guiada ao castelo para descubrir a estrutura e historia dunha das fortalezas medievais mellor conservadas de Galicia e comprender as formas de vida do estamento nobiliar na Idade Mediaor conservados de Galicia		X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados